

O borrador da Lei Galega do Viño defrauda ao sector

Política Agroalimentaria vén de presentar o borrador da Lei de Ordenación Vitivinícola de Galiza. O documento foi remitido ás cámaras esquecendo, unha vez máis, ás organizacións agrarias a súa representatividade no sector. O texto amosa que a consellería que dirixe Diz Guedes carece de política vitivinícola. **Páx. 5**

■ **Aldea Global**

O PP deixa as terras agrarias a disposición dos máis ricos

A Lei de Arrendamentos Rústicos do Partido Popular, cuxo anteproxecto vén de aprobar o Consello de Ministros, vai supor unha auténtica liberalización das terras agrarias, que quedarán a total disposición dos máis fortes e ricos. **Páx. 12**

■ **Agroecoloxía**

O CRAEGA vulnera a lei ao carecer de regulamento oficial

O SLG denunciou de novo as graves irregularidades que está a cometer o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA) que, pese a ser un órgano de Política Agroalimentaria, carece dun regulamento propio aprobado pola Xunta tal e como lle obriga a lei. **Páx. 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISSIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

¡Por fin!

Xa se poden legalizar as instalacións agrarias da Galiza



O Sindicato Labrego Galego realizou durante os últimos anos un intenso labor, con numerosos actos reivindicativos, para forzar á Administración a normalizar as instalacións agropecuarias galegas. Na imaxe, Festa pola Legalización das Cortes, celebrada na Estrada a finais de 2002.

■ O Sindicato Labrego acada unha das súas reivindicacións históricas ao establecer a Xunta un proceso para legalizar as cortes e demais instalacións agrarias.

■ Aquelas persoas que queiran legalizar as súas construcións gandeiras e agrícolas poderán realizar os trámites en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego

A nova PAC seguirá provocando a caída nos prezos do leite

Semella que os nosos gobernantes aínda non aprenderon ben a lección. Segundo demostra un informe da Confederación de Cooperativas Agrarias de España, as políticas agrarias levadas a cabo nos últimos tempos provocaron o peche de máis de 40.000 explotacións leiteiras na Galiza na última década.

A pesar dunha realidade tan dramática, o goberno de José María Aznar ven de botarnos enriba unha reforma da Política Agraria Común que, ademais de introducir uns cambios que resultarán nefastos para a agricultura e gandería do noso país, seguirá apostando por unha baixada constante nos prezos dos produtos lácteos. Fronte a tanto despropósito, o SLG segue apostando polo modelo labrego de produción. **Páxs. 2 e 3**

O Parlamento Europeo dalle a estocada final á moratoria dos OXMs

A partir de agora, a cidadanía europea terá que mirar con lupa os alimentos que leva á mesa para alimentarse. O Parlamento Europeo vén de aprobar unha normativa que vai permitir a comercialización de produtos alimenticios que conteñan transxénicos coa condición de que o notifiquen no etiquetado.

O máis grave da decisión é que se poderán vender alimentos que conteñan ata un 0'9% de OXMs sen que exista obriga de notificalo; mesmo se autoriza un 0'5% para OXMs prohibidos.

Se a isto lle unimos que hai uns meses se legalizou a presenza accidental de sementes transxénicas entre as partidas de convencionais, evidénciase a intención dos gobernos de impoñer os transxénicos a toda costa. **Páxs. 4 e da 8 á 11**

O borrador da Xunta sobre o leite esquécese de temas fundamentais

Non fala da creación dunha mesa estábel e permanente de negociación nin da ordenación do territorio

O pasado 30 de xuño o Conselleiro de Política Agroalimentaria, Juan Miguel Diz Guedes, reunía a cooperativas, industrias e sindicatos para tratar a problemática derivada pola caída de prezos no sector lácteo na Galiza.

A reunión, unha das primeiras reaccións oficiais trala manifestación do 25 de abril, só serviu para unha primeira toma de contacto entre as partes implicadas e para presentar un documento de análise sobre o sector.

Para o Sindicato Labrego, dito documento pasa por alto cuestións moi importantes se, realmente, existe intención de abordar solucións que logren dar estabilidade ao leite galego.

Por exemplo, o documento da Consellería non fala do endebedamento que sofren moitas explotacións do país por mor dos fortes investimentos que se viron obrigadas a acometer a causa do modelo agrario fomentado pola Administración e que se reflexa nas condicións esixidas para poder recibir axudas públicas.

Para o SLG, tamén cómpre definir un modelo de explotación viábel de dimensión humana en base á terra que sexa obxecto prioritario para a Administración.

Tampouco se fala no informe dunha cuestión como a ordenación do territorio, con eixes como a recuperación de terras agrarias ou políticas que faciliten que as explotacións poidan ac-



Lidia Senra representou ao Sindicato Labrego Galego na reunión do leite convocada pola Xunta

ceder á terra.

Outra das alegacións presentadas polo SLG é a creación dunha mesa de negociación estábel e permanente que sirva para marcar os criterios para o control da produción, baremos de ca-

lidade en función de aspectos nutritivos en non virtuais, prezos mínimos partindo dos custes e do traballo de produción, relacións de compra e venda mediante contratacións homologadas, e mecanismos que garantan

o cumprimento dos acordos.

Finalmente, o Sindicato Labrego pide políticas de apoio á transformación e comercialización para obter produtos con máis valor engadido e a potenciación do leite pasteurizado.

A nova PAC incidirá na caída de prezos

A reforma da PAC vai traer cambios importantes para o sector lácteo. En principio, desaparece o prezo indicativo do leite e reducírase progresivamente o volume de intervención ata as 30.000 toneladas na campaña 2008-09.

A caída de prezos será importante, cunha baixada dos prezos de intervención que chegará a un 25% no 2007 para a manteiga, e nun 15% no leite en po desnatado para o 2006.

A nova PAC establece axudas compensatorias, pero non serán suficientes para paliar a caída de prezos e, ademais, estarán supeditadas a o cumprimento de numerosas normas; é o que se coñece como condicionalidade. Así, as explotacións terán que cumprir estritamente directivas de saúde pública e sanidade, de identificación e rexistro de animais, de medio ambiente, de benestar animal, ou mantemento do solo en boas condicións. En caso de infracción, penalizarase á explotación con reducións ou retirada das axudas. Ademais, as primas

deberanse adaptar aos orzamentos comunitarios; neste senso, Franz Fischler adiantou que as axudas vanse reducir para poder repartir entre os dez novos estados membros.

Outra novidade será o desacoplamento, que no sector lácteo aplicárase no 2008: as axudas á produción láctea integráranse nunha prima única, e o seu importe establecérase en función da media obtida dos volumes de cota dos anos 2000, 2001, 2002.

■ Peche de máis explotacións

Para o SLG, a nova PAC será moi negativa para o leite galego. A caída de prezos nun sector que, agora mesmo, está a traballar con escasas marxes de beneficio, vai ser nefasta. A reforma só beneficiará ás empresas transformadoras, que terán materia prima barata; e ás grandes explotacións industriais, que acaparán as axudas.

Por outra banda, o desacoplamento vai permitir que se poda cobrar se necesidade de producir, dificultando o

acceso á terra a quen a queira traballar. Ademais, establecer as axudas en base aos dereitos do período 2000-2002 consolida a discriminación de Galiza.

Por todos estes motivos, o SLG vai seguir traballando para reivindicar unha nova reforma que debería basearse nos seguintes puntos:

- Un control da produción para que a cota global de produción na Unión Europea non supere á de consumo.
- Redistribución xusta dos dereitos de produción entre tódolos labregos e labregas de Europa.
- Un prezo base que cubra os custes da actividade agraria establecido en base a un volume determinado de produción por persoa activa na explotación.
- Investimento das axudas en fomentar modos de produción en base á terra sen produtos químicos perigosos para a saúde e o medio ambiente. É o único xeito de garantir a calidade e seguridade alimentarias, e o mantemento dun mundo rural vivo.

En Galiza pecharon máis de 40.000 explotacións lácteas na última década

Un informe estatístico publicado pola Confederación de Cooperativas Agrarias de España vén de revelar as cifras do que foi o desmantelamento que sufriu o sector lácteo galego na última década e baixo o marco da Política Agraria Común (PAC). Os datos revelan que as circunstancias foron demolidoras coas explotacións de menor tamaño e de tipo labrego; e que Galiza, a pesar de ser a máxima productora de leite do Estado, segue a estar marxinada en cuestións como a cota asignada e segue a ser a peor parada no que respecta a peche de explotacións: das máis de 90.000 granxas de leite que tiveron que pechar en España nos últimos dez anos, a metade foron galegas.

Exactamente, no Estado Español desapareceron, entre 1994 e 2003, 92.442 explotacións lácteas, pasándose das 141.451 de hai unha década, ás 48.291 actuais; só na Galiza, baixouse de 68.745 granxas que había no 1993, ás



O Sindicato Labrego Galego mantivo reunións formativas durante o mes de xullo centradas no sector lácteo e na reforma da PAC

26.115 de agora, é dicir, que tiveron que pechar 42.630. Esta cifra supón que o 47% das explotacións que tiveron que cesar a súa actividade no Estado foron galegas. No último ano, en Galiza abandonaron a produción 2.430 granxas, o que supón o peche de seis cada día.

As explotacións peor

paradas foron as pequenas e as de tipo labrego, aínda que tamén se viron seriamente afectadas as de dimensións máis grandes, sobre todo as que tiñan unha produción entre 75 e 200 toneladas. Así, pecharon 9.227 con menos de 25 toneladas de produción (o 45'5% do Estado); 4.831, entre 25 e 50 toneladas

(o 39'5% do Estado); 3.285, entre 50 e 75 (o 43'3% do Estado); 7.105, entre 75 e 200 (o 49'2% do Estado); 1.169, entre 200 e 300 (o 40'3% do Estado); e 998 que superaban os 300.000 quilos (o 17'6% do Estado).

Estas cifras demostran que a crise non afecta só ás explotacións máis pequenas,

senón que incide negativamente sobre todo o sector.

Outro dos datos relevantes é a discriminación que sofre Galiza no reparto da cota láctea xa que, a pesar de termos o 54% das explotacións leiteiras do Estado, e 26.115 gandeiros e gandeiras (53'3%), só contamos co 30% dos dereitos de produción asignados a España (1.868.140 toneladas). O resultado é que os produtores e produtoras de leite da Galiza ostentan a media de cota máis baixa de todo o Estado Español, con 72 toneladas por activo agrario; e que as posibilidades de desenvolvemento do sector están moi restrinxidas, obrigando moitas veces a producir leite negro fóra de cota para poder facer rendíbel a actividade gandeira.

Estas cifras constatan que a Política Agraria Común está servindo para concentrar a produción cada vez en menos mans e en menos explotacións, obrigando ao sector a intensificar os métodos produtivos para poder facer fronte á depreciación constante do leite, e poñéndolle as multinacionais e grandes distribuidoras materia prima a prezos que, en moitas ocasións, nin sequera cobren os custos de produción.


Os datos demostran o rotundo fracaso da política leiteira en Galiza e no Estado

Os datos poñen de manifesto o rotundo fracaso da política leiteira da Galiza e no Estado e, de paso, botan por terra as promesas que nos venderon de que as cotas evitarían o peche de explotacións: falsa promesa feita polo PSOE cando gobernaba en Madrid, e mantida polo PP ao longo dos últimos anos. Dende logo, os datos demostran que a política de cotas, que ademais do PP e do PSOE tamén defendeu Unións Agrarias, foi un auténtico fracaso.

O peche masivo de explotacións provocado pola política agraria dos últimos anos está incidindo moi negativamente no medio rural galego, cunha aguda crise de despoboa-

mento, envellecemento da poboación e desertización.

Para o SLG, se realmente se pretende poñer fin a este peche masivo de explotacións, cómpre apostar, como xa se dixo na anterior páxina, por unha política de control da produción que contemple o establecemento de prezos que cubran os custos e o traballo de produción en base a un volume determinado de produción por persoa activa na explotación, un modelo de produción en base á terra, unha axeitada ordenación do territorio, unha política de arrendamentos e de prezos da terra que faciliten o acceso a ela, e a recuperación de terras agrarias xa forestadas.



Para o Sindicato Labrego faise necesaria a adopción dunha política agraria e láctea alternativa á dos últimos anos

editorial

A túa forza cómpre para deter á OMC

Entre o 9 e o 14 de setembro en Cancún (Mexico) celebrase a quinta reunión ministerial da Organización Mundial do Comercio (OMC). Alí trataranse asuntos claves para o futuro do comercio mundial, da agricultura, das patentes, dos dereitos de propiedade intelectual, dos servizos públicos esenciais, ou dos investimentos multinacionais.

Fronte á opinión pública, a OMC preséntase coma un instrumento a disposición de todos, incluso dos países pobres. En realidade, a OMC está a favor de instrumentos só ao alcance de países ricos: axudas desacopladas á produción, múltiples formas de apoio ao acceso a tecnoloxía, ou políticas de exportación e comercialización; prácticas que permiten, entre outras cousas, branquear o *dumping* (exportacións de produtos a outros países por baixo dos custos de produción).

A obsesión das grandes potencias agrícolas e as empresas multinacionais agro-exportadoras por reducir as barreiras á importación e prohibir a protección directa ou indirecta á produción, non é para combater a fame ou mellorar a oferta, como din. Esas prácticas son utilizadas, en realidade, para conquistar os mercados; baixarlle os prezos aos produtores sen facelo ao consumidor; ou eliminar a competencia destruíndo as estruturas de produción, transformación e comercialización que non lles interesan para facerse coas demais. O obxectivo é obter ganancias multimillonarias co apoio legal de organismos multilaterais mundiais como a OMC.

A liberalización do comercio agrícola e o desregulamento propiciado por estes organismos son os causantes de importantes

danos no mundo: fame, desemprego, desigualdades, pobreza, ou deterioro dos recursos naturais e da calidade de vida e dos ingresos. Os labregos e labregas vense abocados a unha maior precariedade e ao exodo cara ás urbes.

A prioridade da OMC é impoñer prezos agrícolas baixos e fomentar unha competencia exacerbada entre todos os produtores, que saen perdendo igual que os consumidores e consumidoras. A OMC debilita aos máis febles e reforza aos máis fortes. Visto o visto, esta política agrícola pon en cuestión os dereitos fundamentais e as aspiracións dos pobos, da cidadanía, e dos labregos e labregas.

Todos e todas debemos ter dereito a unha alimentación san, suficiente e culturalmente adaptada. Tamén temos o dereito a producir este tipo de alimentación e a

que sexa remunerada cubrindo os custos de produción e o traballo, e dereito a acceder a recursos como terra, sementes, auga ou créditos. Tamén cómpre fomentar o respecto polo entorno, con métodos produtivos sostíbeis e garantindo a biodiversidade.

Unha cousa está clara: o mercado non pode garantir estes dereitos. Esta é unha responsabilidade que incumbe ás autoridades públicas. O comercio é necesario, pero a exportación non pode estar por riba dos dereitos fundamentais dos labregos e labregas e dos pobos. En materia de solidariedade, cómpre evitar e o *dumping* e as exportacións que desestabilicen os mercados internos dos receptores e exportadores.

As regras do comercio non poden impedirlle a un país favorecer un sistema de produción sostíbel, basea-

do nas explotacións familiares. As subvencións no sector agrícola son lexítimas sempre e cando sirvan para equilibrar as diferencias provocadas por determinadas condicións orográficas ou climatolóxicas; así como para favorecer sistemas agronomicamente axeitados que sirvan ás aspiracións dos pobos.

Fronte aos riscos que presenta a negociación actual na OMC, e para defender-nos da baixada de prezos e demais consecuencias aquí relacionadas, cómpre conseguir a máis ampla mobilización de labregos e labregas, xunto a outros sectores da sociedade, en todo o mundo e no mesmo día, que vai ser o 13 de setembro. Na Galiza, a manifestación terá lugar nesa mesma data en Compostela e nela, para que as nosas reivindicacións teñan máis forza, faise necesaria a túa participación.

Nos últimos meses, e co obxectivo de levantar a moratoria europea que mantiña en suspenso a autorización de novos cultivos manipulados xeneticamente (OXMs) e satisfacer os intereses comerciais dos Estados Unidos, a Comisión Europea e determinados gobernos entre eles o español tentan facernos crer que a coexistencia é posíbel; é dicir, que no futuro poderán convivir sen problemas cultivos transxénicos, cultivos tradicionais e cultivos ecolóxicos.

Sen embargo, se analizamos a normativa que o Parlamento Europeo acaba de aprobar, decatámonos axiña de que isto é totalmente falso, xa que permite etiquetar como alimentos libres de transxénicos a todos aqueles que conteñan organismos xeneticamente manipulados por debaixo do 0'9%, e tamén deixa comercializar como sementes non transxénicas aquelas que teñan entre un 0'3 e un 0'7% dependendo do cultivo de OXMs.

Resulta evidente que se isto se fai así é porque resulta imposíbel a coexistencia entre cultivos sen que haxa

A coexistencia entre os OXMs e outros cultivos non é posíbel

Lidia Senra

contaminación; e os gobernantes sábeno. Ningunha lei pode impedirlle ao vento ou aos insectos transportar o pole de plantas transxénicas ata outras leiras ecolóxicas ou convencionais.

A Comisión Europea deixa agora en mans dos estados membros as medidas para garantir a coexistencia e, no momento actual, está circulando un borrador coas recomendacións do Executivo Europeo para a elaboración por parte dos estados da Unión de estratexias e mellores prácticas para garantir a coexistencia.

A lectura detida deste documento segue deixando claro que a coexistencia non é posíbel. Das recomendacións despréndese tamén que aqueles labregos e labregas que usen transxénicos van ter que asumir unha serie de prácticas que garantan a coexistencia, tales como respectar distancias de illa-

mento, rotacións, zonas tampón, trampas ou barreiras para o pole; programar o ciclo de produción dos cultivos; xestionar as poboacións das lindes; sementar en datas óptimas e empregar técnicas de cultivo axeitadas para reducir ao mínimo os rebrotes; utilizar variedades con produción de pole reducida ou masculinas estériles; compartir as sementadoras só con quen utilice o mesmo tipo de produción; evitar que caian sementes polo camiño ou nos límites da finca; ou controlar e destruír as plantas de rexeneración natural.

Ademais disto, tamén se propoñen medidas de cooperación entre as explotacións. En base a isto, o labrego ou labrega deberá informar dos plans de sementeira, tentar o agrupamento de parcelas de diferentes explotacións para o cultivo de variedades seme-

llantes, utilizar variedades de cultivo con épocas de floración diferentes, tomar medidas para que as datas para sementar sexan diferentes coa fin de evitar a polinización cruzada durante a floración, ou coordinar as rotacións dos cultivos.

Tamén se propón establecer réximes de seguimento, catastro e sistema de identificación de parcelas nas que se sementen transxénicos; e levar un libro sobre o proceso de cultivo, manipulación e almacenamento dos transxénicos, e sobre as prácticas de xestión sobre a coexistencia, entre outras cuestións.

Salta á vista a imposibilidade de cumprir todas estas normas que, por outra banda, e no suposto ideal de que se puidesen levar a cabo, non poderán evitar a contaminación por polinización cruzada.

Dado que a coexistencia sen contaminación non é posí-

bel, ao final quen use sementes transxénicas converterase no único responsable das súas accións. Daquela, ¿que pasará cando un veciño ou veciña que non semente transxénicos non poda vender a súa colleita como convencional ou ecolóxica por estar contaminada?. Moi sinxelo, que a empresa que vendeu as sementes lavarase as mans, e quen sementou OXMs terá que pagar as multas e sancións correspondentes por non tomar as medidas oportunas para evitar a contaminación.

Canto máis se fala e se escribe sobre este tema, máis claro está que os únicos beneficiados polos transxénicos son as empresas que os producen; o labor dos gobernos nesta cuestión está consistindo en axudar a estas empresas a impoñer os OXMs. E fano enganando co etiquetado dos produtos ou das sementes; encarcerando a quen loita contra esta dictadura, como aconteceu no caso dos compañeiros franceses da Confédération Paysanne; e eximindo ás empresas de toda responsabilidade polos danos que poidan ocasionar na saúde ou no medio ambiente.

O borrador do proxecto da Lei Galega do Viño defrauda ao sector

O texto esquece temas vitais para o sector coma os contratos homologados ou os dereitos históricos

Tras un silencio longo, a Consellería de Política Agroalimentaria sacou, antes das vacacións, o primeiro borrador da Lei de Ordenación Vitivinícola de Galiza. O documento foi presentado

oficialmente aos presidentes dos consellos reguladores das denominacións de orixe vínicas o pasado 26 de xuño, e despois foi remitido ás cámaras esquecéndose, unha vez máis, das orga-

nizacións agrarias como tales e da súa representatividade no sector. Unha rápida ollada ao texto amosa que a consellería que dirixe Diz Guedes carece de política vitivinícola.

O borrador comeza cunha exposición de motivos pobre que só é unha transposición literal de definicións incluídas na Organización Común de Mercado (OCM) do viño, á que se suman varias ordes publicadas anteriormente por Política Agroalimentaria sobre o potencial vitícola.

En palabras do secretario de acción sindical agrícola do Sindicato Labrego Galego, Xosé Manuel González Vilas, unha lei desta caste debería trazar as liñas mestras da ordenación do sector contando con el. Pola contra, este borrador só consiste nun relatorio de obviedades administrativas e nun réxime de sancións e inspeccións no campo vitícola, sen dicir nada sobre a vinificación nin sobre as denominacións de orixe, que despacha entre as competencias non exclusivas da nova Lei do Viño do Estado.

Non é casual que a proposta da Consellería de Política Agroalimentaria saia xusto



González Vilas e Xosé Manuel Parente denunciaron ante os medios os fallos da nova Lei do Viño

despois da aprobación da Lei do Viño do Estado. Así, a lei galega nace sen desenvolver minimamente as posibilidades que reconece a propia lei estatal, xa que ou-

tras leis de rango autonómico non tiveron que cambiar o seus contidos. Non é casual, xa que a Xunta de Galiza tenos afeitos a seguir cegamente, e de xeito alarmante,

o centralismo de Madrid, sobre todo se temos en conta as nosas especialidades no sector do viño, o noso singular patrimonio vinífero, e a estrutura parcelaria dos viti-

cultores e viticultoras da Galiza.

Fundamentalmente, este texto defrauda polo que non trae: non trae ningún esquema de participación do sector, xa que nin sequera menciona ás denominacións de orixe e aos seus consellos reguladores e, desde logo, tampouco se lembra das organizacións vitícolas, cooperativas, asociacións de adegueros ou de enólogos e, por suposto, dos consumidores e consumidoras.

Ademais, este é un borrador que nin sequera lexisla, xa que en temas como a protección do patrimonio vinífero e defensa fitosanitaria só fai vagas referencias a competencias sen definir. Dentro desta liña, cómpre tamén denunciar a ausencia de temas transcendentais para o desenvolvemento do sector como os contratos homologados, a concentración parcelaria, a incorporación de mozos e mozas, os dereitos históricos, ou a creación dun banco de terras.

O SLG xa denunciara en novembro as eivas que padece a Lei do Viño do Estado

O Sindicato Labrego Galego xa denunciara, nunha rolda de prensa celebrada no mes de novembro de 2002, a Lei do Viño que o Ministerio de Agricultura estaba a desenvolver, pois tratábase dunha norma de rango estatal que non se adaptaba á idiosincrasia do sector na Galiza.

Esta lei, que xa foi aprobada polo goberno de Aznar, desvirtúa totalmente a función dos consellos reguladores ao deixar o control dos viños en mans de entidades privadas e permitindo que as grandes empresas podan controlar, a un mesmo tempo, a produción e as inspeccións.

Ademais, a Lei do Viño do PP tamén contempla a creación dun Consello Español de Vitivinicultura, que exercerá unha auténtica usurpación de competencias ás interprofesionais e que se esquece das peculiaridades do sector nas distintas zonas vinícolas do Estado.

Diante desta situación, faise vital para o sector que a Consellería de Política Agroalimentaria tome cartas no tema e cree un regulamento galego que supla tódalas carencias e discriminacións que fai, con respecto a Galiza, a Lei do Viño do Estado que impuxo recentemente o Partido Popular.



O novo regulamento vitivinícola esquécese das peculiaridades que distinguen ao sector na Galiza

A importancia de que Política Agroalimentaria dialogue co sector

O Sindicato Labrego demanda da Consellería de Política Agroalimentaria que traballe en base ao diálogo con tódalas organizacións e axentes implicados co sector, e que non se dedique a impoñer de xeito unilateral este proxecto.

Para o SLG, é necesario que se abra un proceso con tempo e cun método de traballo aberto que permita acadar un bo ordenamento, tan necesario para o sector vitivinícola galego, sobre todo despois da aprobación da Lei do Viño do Estado, que é un regulamento que responde a intereses económicos que non son os nosos.

A Xunta remite ás cámaras agrarias o borrador da agricultura integrada

O Sindicato Labrego Galego presentou alegacións para que o control se realice por organismos públicos

Nos últimos tempos, e tras ser convocadas as axudas agroambientais, estase a falar dun sistema de produción agrícola sobre o que a penas circulou información entre os labregos e

labregas. Neste Fouce, e aproveitando que a principios de xullo as cámaras agrarias recibiron o borrador do decreto da Xunta sobre a produción integrada, tentaremos informar sobre

a realidade deste método productivo e do seu desenvolvemento na Galiza e no resto do Estado, amais de falar das alegacións presentadas polo SLG para mellorar o documento presentado.

En Galicia empezouse a oír falar da produción integrada, sobre todo, dende que se convocaron as axudas agroambientais, xa que é unha das producións subvencionadas nestas medidas para os sectores vexetais.

Segundo a súa definición, a produción integrada (PI) é un sistema de produción agraria que emprega recursos naturais, que introduce tecnoloxías respectuosas co medio ambiente, e que produce alimentos sans. Todo isto envasado e etiquetado co selo da produción integrada.

A principios de xullo, as cámaras agrarias recibiron o borrador do decreto da Xunta de Galiza sobre a produción integrada e a súa indicación nos produtos agrarios, para que se fixeran as alegacións oportunas por parte das organizacións alí representadas.

Hai varias cousas a saber neste tema:

■ **Tipos de identificación en PI.** Haberá unha identificación estatal, á vez que identificacións autonómicas daquelas comunidades que as queiran establecer, amais das identificacións que se establezan por parte de entidades privadas.

Cada unha de estas certificacións poderá ter os seus propios regulamentos de produción, que se deberán elaborar cumprindo unhas disposicións moi xerais establecidas a nivel estatal.

Deste xeito, convivirán no mercado distintivos de PI estatal, de PI das distintas comunidades autónomas, e de PI de todas aquelas entidades privadas ás que lles interese telos. E cada selo se expenderá en base a uns regulamentos técnicos distintos.

■ **Os regulamentos técnicos de produción:** Serán específicos en cada cultivo. Neles figurarán as prácticas recomendadas e obrigatorias para cada un, os pro-



No sector hortícola será onde máis repercuta o desenvolvemento da produccion integrada

ductos fitosanitarios que se poden botar para as distintas patoloxías, as medidas culturais a adoptar, etcétera. O operador -labrega, envasadora, comercializadora, etcétera- deberá ter persoal técnico que lle asesore en PI á hora de aplicar os regula-

mentos. A este persoal técnico, o decreto tamén lle atribúe labores de control sobre o operador.

Os regulamentos de produción estatais estanse elaborando neste momento. En canto aos autonómicos, a situación é dispar: existen al-

gunhas comunidades autónomas, como Andalucía ou Navarra, que teñen normativas para os cultivos máis importantes nelas e levan anos certificándoos co distintivo da PI; noutras comunidades aínda non se elaboraron.

En Galiza -segundo información do Departamento de Sanidade Vexetal da Consellería de Política Agroalimentaria- están avanzadas as normativas para pataca, kiwi e viñado; e estase a traballar nas de xudía, pemento e tomate. O SLG solicitará á Consellería estes borradores, que aínda non nos foron consultados a pesar de que -segundo din- as tres primeiras normativas serán aprobadas pronto.

■ **Control da PI:** Poderá ser realizado por entidades privadas ou pola Administración, como ocorre na Comunidade de Navarra. Haberá cantas empresas certificadoras se queiran establecer no mercado, e a operadora elixe quen lle vai certificar, xa que os custes corren da súa conta.

O SLG alegou ao decreto da PI para que non se permitise emitir certificacións a grupos privados, para que se elaboren regulamentos de produción galegos contando coa participación do sector, para que o control se realice por parte da Administración, e para que os custes sexan asumíbeis polos labregos e labregas.

Polo de agora descoñécense os regulamentos para estas producións

En canto á correspondencia da PI coa súa definición, virá definida polo contido das normas técnicas de cada cultivo, nas que se verá si realmente se integran os recursos naturais na produción, si se introducen tecnoloxías respectuosas co medio ambiente, si se producen alimentos sans, etcétera.

Os regulamentos galegos non os coñecemos, polo que non podemos alegar nada do seu contido. Pero atendendo aos borradores de regulamentos estatais, vemos que a definición que se fai de PI non ten que ver cos requisitos que realmente terá que cumprir esta produción.

Nestes borradores que se están ela-

borando para cogombro, melón, pemento, tomate e leituga, contéplase o emprego de tódolos produtos fitosanitarios existentes no mercado, sen restricción algunha, polo que en canto ao uso de fitosanitarios non se diferencia en nada da agricultura convencional, na que todo está permitido.

En canto as prácticas de cultivos sustentábeis, hai moitas recomendacións, pero a penas ningunha obriga, polo que poderán seguir sendo practicamente as mesmas. Con dicir que están contemplados na PI os cultivos hidropónicos -aqueles que non se alimentan do chan, senón de solucións acuosas moi contaminantes onde se

botan os produtos fitosanitarios-, xa nos facemos unha idea da calidade dos alimentos e do respecto ao medio ambiente dos produtos integrados.

Tamén se establece unha Norma Técnica Específica de Hortícolas, onde veñen requisitos para a explotación e para a central hortofrutícola, xa que a única vía de envasado e comercialización que contemplan é a través dunha central hortofrutícola.

Obviamente estas normas a cumprir, coma o control de calidade, a recepción das mercancías, a identificación e trazabilidade, etcétera, só teñen capacidade para respectalas a grandes centrais hortofrutícolas.

Os mínimos defendidos pola PI deberían estar garantidos en tódolos alimentos

Diante da actual situación, na que non hai ningún control no uso de produtos fitosanitarios -en canto a que se boten produtos autorizados nos cultivos, cumprimento de prazos de seguridade, etcétera-, ou na que o asesoramento se fai dende os mostradores dos comercios de agroquímicos; hai moitos labregos e labregas que queren facer ben as cousas e que vén na agricultura integrada un xeito de poder diferenciar o seu produto con respecto doutros que non cumpren os mínimos esixidos.

Quen queira garantir isto terá que pagarlle a unha empresa que lle certifique, e someter o produto á fase de envasado e etiquetado típica da maioría das certificacións, cos custes que isto supón e a perda de control sobre o produto por parte de labregos e labregas.

Estes mínimos que en teoría certificará a PI -cumprimento dos prazos, produtos autorizados nos cultivos- deberían estar garantidos en tódolos alimentos a través de controles públicos e gratuítos, ao mesmo tempo que labregos e labregas deberían contar cun asesoramento técnico cualificado alieo a intereses comerciais, xa que son os comercios os que, case sempre, inducen ao abuso de fitosanitarios.

En Galiza aínda non se coñecen as normativas de produción. En función de como se está desenvolvendo a PI no resto do Estado, vemos que non ten nada que ver cos alimentos sans nin con técnicas de produción respectuosas co medio ambiente, independentemente de que haxa labregos e labregas que certifiquen en PI que as empreguen.

Ao ser promovida con estas características que non ten, a produción integrada constitúe un engano ao consumo e á sociedade.

Dende o SLG alegarase para que os regulamentos galegos se fagan de acordo á definición de PI, de xeito que poda ser útil para aqueles e aquelas que queiran facer unha agricultura máis sustentábel e diferenciada no mercado.

“Sen soberanía alimentaria non pode haber soberanía política”

Lidia Senra participou nos debates de ideas organizados polo BNG con motivo do Día da Patria Galega

Lidia Senra participou na mesa redonda "Neoliberalismo e defensa do estado de ben-estar", que se desenvolveu no marco dos debates de ideas que organizou o Bloque Nacionalista Galego con motivo do 25 de xullo,

Día da Patria Galega, no Campus Universitario de Santiago. Xunto á secretaria xeral do Sindicato Labrego faláron Xesús Vega, do BNG; e Luís Burgos, da Confederación Inter-sindical Galega (CIG).

Baixo o título de "A alimentación é un dereito humano básico", a secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, denunciou as políticas da Organización Mundial do Comercio como a antítese da soberanía alimentaria, que é a capacidade dun pobo para definir as políticas agrarias que lle permitan producir alimentos para a súa cidadanía.

Para Lidia Senra, este dereito básico está ameazado pola liberalización á que se está a someter ao comercio de produtos agrícolas. Neste senso, fixo fincapé na reforma da Política Agraria Común, que suporá o peche masivo de explotacións agropecuarias a causa da caída de prezos e que, polo tanto, causará perda de postos de traballo no agro, imposibilidade para moitas persoas de co-



A Secretaria Xeral do SLG apuntou en Compostela a necesidade dunha alianza entre labregos e labregas e a cidadanía

tizar á Seguridade Social ou de pagar impostos, baixada de ingresos para as arcas públicas, e a desertización do medio rural por mor da falta de servizos básicos.

Isto, unido a factores como a discriminación que sofre Galiza nos dereitos de pro-

ducción, fai que a soberanía alimentaria quede moi lonxe de verse cumprido.

Senra lembrou que "sen soberanía alimentaria non pode haber soberanía política", e que a alimentación é parte fundamental do benestar social, polo que se fai

necesaria a loita para manter un modelo de agricultura labrega que se amosa como o único quen de aportar saúde, traballo, riqueza, xestión territorial e calidade ambiental.

Como medidas concretas para que este modelo sexa realidade, Lidia Senra propuxo prácticas como o acceso a créditos que permitan desenvolver o modelo labrego, potenciación de circuitos curtos de comercialización, apoio ao comercio local e á venda directa, ou creación de pequenas estruturas de transformación e comercio.

Para todo isto é indispensable unha alianza entre os labregos e labregas e a sociedade que reúna a forza necesaria para que os gobernos acepten este modo alternativo de estruturar o eido da alimentación.

A ORGACCMM e a loita polos dereitos dos montes galegos de man común

O Sindicato Labrego Galego e a Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACCMM) asinaron un acordo de colaboración o pasado 3 de xuño. En virtude do mesmo, iníciase en Fouce a publicación dunha serie de textos para difundir o labor desta entidade.

Os montes veciñais en man común son terreos de titularidade colectiva. A súa propiedade atribúese sempre á comunidade veciñal, independentemente dos membros que a formen en cada intre. A veciñanza é a única condición para ser co-partípe dos dereitos sobre esas terras, que non poden ser transmitidos individualmente.

Os montes veciñais en man común son espazos xeográficos, que deben cumprir para un uso sostíbel as tres

funcións tradicionais -social, ecolóxica e económica- dun xeito integrador e compatible.

As comunidades de montes veciñais en man común son a unión dos veciños e veciñas comuneiros, os cales, reunidos en asemblea xeral, deciden democráticamente a xestión e administración dos seus montes. Somentes aos comuneiros e comuneiras correspóndelles a decisión sobre os usos e aproveitamentos destas propiedades, sen interferencia allea de ningún tipo.

ORGACCMM é unha asociación composta exclusivamente por comunidades de montes e está ao servizo delas, e que pretende ser a voz dos comuneiros e comuneiras galegas en tódolos temas que atinxan aos montes en man común.

A ORGACCMM é, xa que logo, a unión das comunidades de montes para xuntar esforzos e experiencias na defensa do monte veciñal en tódolos eidos e para traballar no desenvolvemento de tódalas potencialidades do monte.

A ORGACCMM é actualmente a única entidade de comunidades de montes de ámbito galego, con recoñecemento legal ao abeiro da Lei de Montes Veciñais en Man Común.

Os obxectivos da ORGACCMM son:

■ A defensa do monte veciñal en man común como propiedade xermánica e como realidade singular do noso país.

■ Esixir a tódolos organismos públicos e privados, especialmente á Administración Galega, o cumprimento da lexislación sobre o

monte veciñal.

<A toma de decisións en común ante problemas de todo tipo que afecten aos montes veciñais en man común.

■ O desenvolvemento das funcións e usos do monte e a súa relación co desenvolvemento local e rural.

■ O posicionamento común ante iniciativas políticas, lexislativas, sociais ou económicas que incidan hoxe, ou o fagan no futuro, sobre estas terras veciñais.

■ Servir de voz unida das comunidades de montes ante organismos públicos e privados en tódolos asuntos que sexan de aplicación ao monte veciñal.

■ Traballar para acadar a completa devolución de tódolos montes veciñais en man común aos veciños e veciñas, que son os seus lexítimos donos.

As novas normas aprobadas permitirán que as persoas consuman transxénicos sen ter coñecemento delo

O Parlamento Europeo dalle a estocada á moratoria dos OXMs

A partir de agora, a cidadanía europea terá que mirar con lupa os alimentos que leva á mesa para alimentarse. O Parlamento Europeo vén de aprobar unha normativa na que permite a co-

mercialización de produtos alimenticios que conteñan transxénicos coa condición de que o notifiquen no etiquetado. O máis grave da decisión, é que se poderán vender alimentos que

conteñan ata un 0'9% de OXMs sen que exista obriga de notificalo; mesmo se autoriza un 0'5% para OXMs prohibidos. Aos políticos europeos só lles faltou dicir: ¡Bo proveito!

O Parlamento Europeo aprobou, o pasado 2 de xullo, as novas normas que rexeran o etiquetado e trazabilidade dos organismos xeneticamente modificados (OXMs) en alimentos e pensos.

Aínda que non se dixo explicitamente, esta normativa suporá a desaparición da moratoria existente na Unión Europea no transcurso duns poucos meses.

As novas normas obrigarán ao etiquetado de tódolos produtos alimenticios obtidos a partir de OXMs e tódolos alimentos destinados a animais que conteñan este tipo de organismos.

A lei permitirá que exista unha presenza accidental de ata un 0'9% de OXMs autorizados na Unión Europea nos alimentos; o da presenza accidental significa que non existirá obriga para o fabricante de informar que ese produto contén transxénicos.

No caso dos transxénicos non autorizados pola Unión



A Coordinadora Labrega Europea opónse á nova lexislación que legaliza os transxénicos

Europea permitirse, durante tres anos, a presenza de ata un 0'5% de OXMs nos alimentos.

En canto aos produtos obtidos de animais alimen-

tados con organismos xeneticamente modificados -carne, leite, ovos, queixos, iogures, etcétera- non se etiquetarán como transxénicos, tal e como recomendaba a

Comisión Europea.

A nova norma tamén obriga ás empresas operadoras a transmitir e conservar determinadas informacións no proceso de comercialización

dos OXMs. As informacións relativas á presenza de transxénicos deberán transmitirse ao longo de toda a cadea comercial e conservarse durante cinco anos.

Outra das obrigas da industria será poñer en marcha sistemas de identificación que permitan comprobar de onde veñen os OXMs e a onde van.

Por outra banda, o novo regulamento establece un procedemento comunitario único para obter a autorización para comercializar transxénicos no territorio da Unión Europea.

Finalmente, e no referente á coexistencia entre cultivos transxénicos, convencionais e ecolóxicos, optouse polo laissez faire, é dicir, que cada estado faga o que lle pete: os membros da Unión Europea poderán adoptar, en particular, as medidas necesarias para evitar a contaminación xenética; namentres, a Comisión Europea deberá presentar propostas para impedir dita contaminación.

A Conf considera un insulto a baixa en dous meses da condena a Bové

O SLG quixera ter unha lembranza para o compañeiro José Bové, da Confédération Paysanne, que foi recentemente encarcerado por arrincar plantas transxénicas de leiras experimentais ao aire libre para chamar a atención da opinión pública. A súa condena, e a aprobación deste novo regulamento comunitario, evidencian un pacto entre unha parte da clase política e as multinacionais da tecnoloxía xenética, amais de demostrar a intención de reprimir con tódalas forzas calquera posición contraria á introducción dos OXMs na agricultura e na alimentación.

Por outra banda, os com-

pañeiros e compañeiras da Confédération Paysanne publicaron, no mes de xullo, un novo comunicado informando sobre a decisión do Presidente da República Francesa, Jacques Chirac, de rebaxar en dous meses a condena contra Bové, algo que para a Conf non deixa de ser unha "manobra" para tentar enganar á sociedade francesa. O texto dicía o seguinte:

"O Presidente da República, anunciando unha rebaixa de dous meses para a condena individual a José Bové, voceiro da Confédération Paysanne, insultou aos centos de miles de persoas, sindicalistas ou non, que lle

escribiron pedíndolle o levantamento dos cargos.

Chirac desprezou a advertencia de boa parte da comunidade científica, que alertou sobre os perigos e as consecuencias irreversíbeis da introducción dos organismos xeneticamente modificados na alimentación e no medio ambiente".

Con esta decisión, Jacques Chirac orienta ao seu goberno a persistir nunha política de represión sistemática contra os movementos sociais que rexeitan a mercantilización das persoas e do seu medio natural.

A permanencia en prisión dun home a causa das súas ideas e da súa acción sindi-



O voceiro da Confédération Paysanne, José Bové, ficará na cadea ata Nadal por oporse á introducción dos transxénicos no agro.

cal significa o retorno a unas prácticas que se conservan no máis sinistro da memoria.

Pola súa banda, a Confédération Paysanne non se deixara enganar por unha manobra desta caste e fará un chamamento para ampliar as mobilizacións do 14

de xullo en tódalas prisións.

A Confédération Paysanne non aceptará que o seu voceiro fiquen nos cárceres da República ata Nadal. A Confédération Paysanne esixe, máis ca nunca, a liberación inmediata de José Bové sen condicións".

As persoas poderán consumir transxénicos prohibidos na UE sen ter coñecemento do que fan

O SLG denuncia a “aldraxe sobre os dereitos de labregos e labregas e da cidadanía”

O Sindicato Labrego Galego fixo público, no mes de xullo, o seu máis rotundo rexeitamento respecto do Regulamento sobre alimentos e pensos modificados xeneticamente que aprobou o Parlamento Europeo, xa que vulnera o dereito da cidadanía a elixir os seus propios alimentos, e dos labregos e labregas a realizar actividades agropecuarias libres de transxénicos, ao autorizar a presenza accidental de ata un 0'9% de organismos xeneticamente modificados (OXMs) en alimentos para as persoas ou en partidas de sementes sen a obriga de advertilo na etiqueta.

Para o Sindicato Labrego Galego, o Parlamento Europeo vén de aldraxar a liberdade individual dos millóns de cidadáns e cidadás aos que representa amparándose na carencia de datos e desinformación que existe sobre este tema entre a cidadanía.

Por se fose pouco, a Unión Europea autorizará a presenza de ata un 0'5% de elementos transxénicos pendentes de autorización en alimentos durante un período de tres anos.

Trátase dunha decisión



Os encontros sobre Bio Devastación na cidade norteamericana de Saint Louis reuniron a activistas de todo o mundo que puxeron en común as súas estratexias para frear a expansión dos OXMs

Contamínalle a leira e pónenlle unha multa de 12.000 euros

En maio, celebrouse en Saint Louis (Missouri) a sétima edición do Congreso Internacional sobre Bio Devastación, que xuntou a activistas contra os OXMs de todo o mundo moi preto da sede central de Monsanto.

Ao encontro asistiu o labrego canadense Percy Schmeiser, que tivo a mala sorte de que as súas leiras fosen contaminadas por pole de colza transxénica, razón pola que Monsanto o demandou por "cultivar ilegalmente" unha das súas variedades patentadas. Schmeiser foi condenado a pagar máis de 12.000 euros de multa, sanción que depende agora do veredicto da Corte Suprema.

gravísima que atenta contra o principio de precaución e que supón un enorme risco para a saúde, pois as persoas poderán consumir, ¡sen sabelo!, transxénicos que despois se poderían

prohibir en caso de demostrarse efectos adversos sobre a saúde humana.

Algo semellante sucede con normas como a de non ter que advertir no etiquetado se un produto de orixe ani-

mal provén de animais alimentados con transxénicos.

Respecto á decisión de deixar que cada estado regule as medidas necesarias para evitar a contaminación transxénica dende

cultivos de OXMs a outros de tipo convencional ou ecolóxico, Galiza será unha das zonas peor paradas de Europa, xa que o Estado Español é o máis permisivo de toda a Unión neste tema.

Unha normativa contraria ás recomendacións da FAO

O SLG lamenta que o Parlamento Europeo aprobase este regulamento tan lesivo contra os dereitos da cidadanía, e tan favorable de cara aos intereses económicos das multinacionais da tecnoloxía xenética, e que nin sequera observase os principios de precaución recomendados pola Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) que recoñece "os riscos potenciais que presentan algúns aspectos da biotecnoloxía".

A propia FAO advirte sobre os riscos sobre a saúde humana e animal, e sobre o medio ambiente que poden traer canda si o uso dos transxénicos.

Di, textualmente, que "cómpre actuar con precaución para reducir os riscos de transferir toxinas dunha forma de vida a outra,

de crear novas toxinas ou de trasladar compostos alérxicos dunha especie a outra, o que podería dar orixe a unha serie de reaccións alérxicas imprevistas.

Entre os riscos para o medio ambiente cabe sinalar a posibilidade de cruzamentos exteriores que poderían dar lugar, por exemplo, ao desenvolvemento de malas herbas máis agresivas que as convencionais ou de parentes silvestres con maior resistencia ás enfermidades, ou provocar tensións ambientais, trastornando o equilibrio do ecosistema.

Tamén se pode perder a biodiversidade, por exemplo, como consecuencia do desprazamento de cultivos tradicionais por un pequeno número de cultivos modificados xeneticamente".

Por unha defensa clara da moratoria

O SLG seguirá avogando para que se manteña vixente a moratoria europea sobre os transxénicos namentres non se demostre a súa inocuidade con respecto a tódolos efectos adversos que poden provocar; unha moratoria, por outra banda, que ata o de agora era o máximo exemplo internacional de respecto ao principio de precaución. Ademais, o Sindicato Labrego tamén traballará para que o goberno de Aznar revoque as autorizacións concedidas a especies agrícolas transxénicas, pois no Estado Español nin sequera existe unha lexislación que obrigue a cumprir normas de seguridade que eviten a contaminación xenética de cultivos veciños por plantacións de OXMs, o cal pon en serio perigo sectores cun grande futuro, como a agricultura ecolóxica (neste sector están prohibidos os transxénicos, mentres que as posibilidades de contaminación son reais, como xa demostrou o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Navarra ao proceder á retirada de varias certificacións a explotacións contaminadas). O perigo tamén sería real para a agricultura convencional ou a integrada, pois é imposible controlar a contaminación de OXMs por mor das polinizacións cruzadas.

O Protocolo de Cartagena entrará en vigor en setembro na Unión Europea

O documento ratificado pola Unión Europea regulará os movementos transfronteirizos de transxénicos

Xa no mes de xuño, producíanse varias novas relacionadas co tema dos transxénicos que facían prever a súa expansión na Unión Europea: a adopción por parte dos Quince do Protocolo de Cartagena, para dar cobertura

legal aos OXMs; a decisión do goberno suízo de rexeitar un proxecto de moratoria; ou a destitución do Secretario de Medio Ambiente británico, Michael Meacher, que se opoñía á autorización dos transxénicos no Reino Unido.

A ratificación por parte de Palau do Protocolo de Cartagena de Bioseguridade fai que xa teñamos medio centenar de países que apostan por esta regulamentación para controlar a circulación e uso de organismos xeneticamente modificados (OXMs) a nivel internacional; así as cousas, o Protocolo de Cartagena entrará en vigor en setembro.

Con isto, a Unión Europea contará cun marco legal que lle fará máis doado erguer a moratoria que mantén sobre os transxénicos, un levantamento de moratoria que xa se prevía despois da publicación, en marzo, dun documento base que marcaba as regras do xogo para a existencia dunha agricultura transxénica nos quince países da Unión.

Polo de agora, o Protocolo de Cartagena foi asinado por 103 países, e ratificado por cincuenta, aos que habería que engadir a Unión Europea como tal (aínda que só ratificasen oito países dos Quince, entre eles o Estado Español). Estados Unidos non asi-



Os gobernos de Chirac, Aznar e Blair apostan polos OXMs e reprimen as posturas críticas con eles

nou nin ratificou o protocolo, que será o primeiro texto legalmente vinculante para o movemento transfronteirizo de OXMs.

O Protocolo de Cartagena prevé a posta en marcha dun sistema de notificación dos movementos internacionais do OXMs. Isto afectará a sementes, produtos agrarios destinados á alimentación

humana ou animal, e á transformación.

O protocolo permitirá aos países asinantes importar transxénicos con información respecto do que deixan entrar nas súas fronteiras. Mesmo os países importadores poderán rexeitar a entrada de produtos no seu territorio se consideran que pode supor riscos para a bio-

diversidade ou a saúde.

Cando un tipo de semente transxénica vaia ser importado por vez primeira por un país, terá que haber un acordo previo trala avaliación dos riscos.

Os países ou grupos que dispoñan de normas máis estritas cás deste protocolo terán dereito a continuar aplicándoas.

115.00 sinaturas piden referendo en Suíza para unha moratoria dos OXMs

Por outra banda, o Primeiro Ministro británico, Tony Blair, destituíu ao seu Secretario de Estado para o Medio Ambiente, Michael Meacher.

O cese foi denunciado polos ecoloxistas, que viron nesta decisión o levantamento dun dos principais obstáculos para a autorización dos organismos xeneticamente modificados no Reino Unido.

O presidente da organización de produtores biolóxicos Soil Association, Patrick Holden, afirmou de Meacher que "probablemente non haxa ningunha outra persoa no seo do goberno que estea do lado da cidadanía e dos labregos e labregas ecolóxicos, e que se opoña á comercialización de cereais modificados xeneticamente".

Noutra orde de cousas, o Parlamento Suízo rexeitou unha proposta dirixida a aplicar unha moratoria de cinco anos na utilización de organismos modificados xeneticamente.

De todos xeitos, o tema trátase en referendo, xa que se conseguiron 115.000 sinaturas para facer unha consulta popular sobre este tema, superando os 100.000 apoios esixidos pola lei para que a proposta vaia para adiante.

Destrúen en Italia 400 hectáreas de millo contaminado por OXMs

Durante o pasado mes de xullo aconteceron algúns feitos que mantiveron viva a preocupación da cidadanía sobre o tema dos transxénicos.

E primeiro lugar, un fabricante de pizzas xaponés denunciou a existencia de trazas de millo doce transxénico nun produto importado de Nova Zelandia, un país onde oficialmente non se cultivan OXMs debido á existencia dunha moratoria.

Por outra banda, na rexión italiana do Piamonte, atopáronse 400 hectáreas de millo contaminadas por transxénicos, polo que o presidente rexional, Enzo Gughio, ordenou a súa destrución e posterior enterramento. A orde afectou a 150 labregos e labregas que mercaron as sementes de millo respectando a normativa vixente e que cobrarán unhas indemnizacións que ascen-

den a dous millóns de euros.

A pesar destas medidas de precaución, os expertos afirman que o pole das plantas contaminadas diseminárase igual, xa que as plantacións xa entraran na fase de floración. Todos estes feitos, xusto cando na Unión Europea se vai rematar a moratorio, explícanse porque en Italia existe unha lei de tolerancia cero con respecto aos cultivos transxénicos ao aire libre, algo que contrasta coa permisividade do goberno español.

Datos coma estes proban que o perigo de contaminación das plantacións convencionais, integradas, ou ecolóxicas; ou da introducción dos OXMs na cadea alimentaria, son riscos reais que cómpre ter en conta, sobre todo cando se están empezando a plantar ao aire libre cultivos transxénicos utilizados para a produción de fármacos.



Pecoraro Scania, presidente dos Verdes en Italia, foi o Ministro de Agricultura que impulsou a tolerancia cero para os OXMs

A Plataforma Rural e a CPE advirten do perigo de rematar coa moratoria

A Coordinadora Labrega Europea (CPE), a nivel da Unión; e a súa homónima de Organizacións Agrarias e Gandeiras no Estado (COAG), tamén expresaron o seu rexeitamento

ao remate da moratoria europea vixente sobre os transxénicos. Mentres a CPE considera que a Unión Europea está a enganar á opinión pública neste tema, a COAG continúa

coa súa campaña "Transxénicos, ¿preguntoume alguén?" e pide a anulación das ordes ministeriais que autorizan o cultivo de sete variedades de millo OXM de tipo Bt no Estado.

A CPE emitiu un comunicado, o pasado 17 de xullo, no que amosa a súa preocupación diante da apertura da Unión Europea aos organismos xeneticamente modificados. Así, dubida da posíbel coexistencia entre unha agricultura con transxénicos e outra sen eles, pois "ningunha lexislación poderá parar a contaminación polo vento ou polos insectos e, nomeadamente, por causa dos límites de contaminación tolerábeis nas sementes. A contaminación será inevitábel e irreversible".

Tamén critica que a Comisión Europea deixase aos estados membros a responsabilidade de organizar a coexistencia "que ela sabe imposible e cuxos riscos asociados as compañías de seguros non queren asegurar".

Para a CPE, "a Unión Europea engana así á opinión pública, facéndolle crer que a nova lexislación a vai protexer dos OXMs. En realidade, o único que vai protexer é o dereito da cidadanía a consumir transxénicos, algo que ningún reclama. Así, a liberdade de consumir produtos sen transxénicos corre o risco de ser moi breve".

Tamén a CPE coincide co SLG en que a imposición dos OXMs faise en contra da opinión da cidadanía e "sabendo que non hai volta atrás"; amais de esixir a liberación inmediata do compañeiro da Confédération Paysanne, José Bové.

Finalmente, a CPE apela a cidadanía europea para que non se deixe levar polo engano da nova lexislación; para que fagan presión diante da Unión Europea e a obriguen a manter a moratoria; e para participar no encontro de Larzac (Francia) contra a OMC e a represión sobre Bové, que se celebrará entre o 8 e o 10 de agosto.



Unha campaña a nivel internacional está a pedir a liberación do compañeiro da Conf, José Bové

Os científicos demostran a imposibilidade de evitar a contaminación

Unha das intervencións máis interesantes do Congreso Internacional sobre Bio Devastación, celebrado en Saint Louis (Missouri), foi a do reputado microbiólogo da Universidade de Berkeley (California), Ignacio Chapela, que mostrou os resultados das súas investigacións sobre contaminación por OXMs.

Ignacio Chapela descubriu en Oaxaca (México) millo contaminado por transxénicos. Trátase dun dato preocupante, pois os cultivos de organismos xeneticamente modificados máis cercanos a Oaxaca están a unha distancia superior aos cen quilómetros, polo que se demostra que o pole transxénico pode percorrer distancias moi longas e cruzarse con plantas convencionais.

A COAG pide ao goberno que retire os transxénicos autorizados

A COAG e tódalas organizacións agrarias, de consumo e ecoloxistas integradas na Plataforma Rural, continuaron no mes de xullo coa campaña "Transxénicos, ¿preguntoume alguén?, a liberdade de labregos e labregas e os dereitos da cidadanía".

Unha das reivindicacións foi pedir a anulación inmediata das autorizacións das variedades transxénicas que se poden cultivar actualmente no Estado, por entender que "non se dan as condicións necesarias, en particular para prever os efectos negativos destes cultivos", e considerando que "un dos problemas sen resolver é o da coexistencia dos cultivos modificados xeneticamente e outro tipo de cultivos sen que estes últimos sexan contaminados polos primeiros".

Para as organizacións que integran a Plataforma Rural, non se debería permitir o cultivo de OXMs en tanto non se dispoña de medidas que garantan a non contaminación da agricultura convencional e orgánica por transxénicos, dunha normativa que estableza a responsabilidade en caso de contaminación segundo o principio de quen contamina paga, de sistemas de trazabilidade eficaces que aseguren unha información transparente ao longo de toda a cadea alimentaria, e dun plan de seguimento que permita vixiar a efectividade do carácter insecticida e as posíbeis repercusións negativas dos transxénicos para o medio ambiente e a saúde.

A Plataforma Rural afirma que "evitar a diseminación incontrolada dos

OXMs no medio ambiente e preservar parte da agricultura e alimentación libres de transxénicos é imprescindible para garantir a libre elección, tanto de labregos e labregas, como de consumidores e consumidoras".

E para que se cumpra isto último, a Plataforma Rural pide que se lexisle e adopten medidas "que permitan prever toda contaminación por OXMs de sementes, cultivos e alimentos non transxénicos; que contemplan a posibilidade de zonas libres de transxénicos onde os OXMs porían en perigo outras formas de agricultura; e que fagan pagar os custes a maiores que provoquen estas medidas e as reparacións dos danos causados por OXMs aos responsábeis da liberación ao medio ambiente dos mesmos".

O PP deixa nas mans dos máis fortes o acceso ás terras agrarias

Madrid aproba unha Lei de Arrendamentos Rústicos que deixa desprotexidos a labregos e labregas

O Consello de Ministros que preside José María Aznar vén de dar outro paso de cara a deixar a agricultura do Estado en mans dos máis poderosos coa aprobación do anteproxecto da Lei de Arrendamentos Rústicos. O

Sindicato Labrego Galego xa erguera o mes pasado a voz de alarma diante desta lei, xa que supón unha auténtica liberalización das terras agrarias e se cocinou sen consultar con ningunha organización do agro.

O Sindicato Labrego Galego xa advertía, no Fouce 212, da intención do goberno de Aznar de aprobar unha Lei de Arrendamentos Rústicos que vai supor a liberalización total das terras agrarias.

Así, xa se informaba o mes pasado que os 135 artigos que tiña a actual redúcese agora a tan só 35, sometendo este eido da lexislación a un desregulamento total e xerando unha situación de clara inseguridade para labregos e labregas.

Para impor este cambio, o anteproxecto introduce importantes cambios, como o establecemento dunha duración mínima de tres anos de arrendamento, en troques dos cinco anos ata o de agora vixentes; permitir que sexan arrendatarias persoas que non son profesionais da agricultura; ou



A nova lei facilitará que as terras agrarias podan ficar ociosas en mans de quen non as traballa

suprimir os límites establecidos que impedían arrendar terras a titulares de explotacións que superasen as 500 hectáreas de sécano ou

as 50 de regadío.

Outra das modificacións a ter en conta é a eliminación das xuntas arbitrais que tiñan a función de interceder

nas cuestións que puidesen suscitarse entre as partes contratantes; no borrador presentado fálase de que poderá dirimir "un terceiro".

O SLG reclama numerosos cambios na lei para defender os intereses labregos

Ante a xordeira á que xa nos ten acostumados o PP, de nada serviron as reclamacións e protestas de organizacións como o Sindicato Labrego Galego, que pedía que a nova lei mantivese o requisito do arrendatario como profesional da agricultura; que non desaparecese o límite cuantitativo do arrendamento, coa fin de evitar a acumulación de terra en mans dunha mesma persoa arrendataria; que se mantivese a actual duración dos contratos e as súas prórrogas para manter a finca, conservala e realizar os investimentos necesarios, garantindo a amortización dos mesmos; ou que os dereitos de tanteo, retracto e adquisición preferente non fosen suprimidos.

Pola súa banda, a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) denunciou que a lei responde a intereses de grupos de presión alleos ao sector agrario e pediu unha nova redacción do documento.

O PP confía na "Providencia" para negociar as políticas agrarias

O ministro Miguel Arias Cañete compareceu o pasado o pasado 2 de xullo diante da Comisión de Agricultura do Congreso dos Deputados para dar explicacións pola reforma da Política Agraria Común (PAC) que vén de aceptar o Partido Popular.

A intervención de Cañete tivo partes que demostran unha auténtica irresponsabilidade do político popular e manifestan un desprezo polos labregos e labregas de tódolos pobos de España. Por exemplo, ante as críticas do meirande das organizacións agrarias do Estado pola PAC aprobada, o ministro deféndese argumentando que "vin ás organizacións agrarias rexeitar a reforma de 1992 e a Axenda 2000", coma se ambas políti-

cas tivesen sido positivas para o agro e os sindicatos protestasen por costume. Se cadra habería que lembrarlle a Cañete que esas políticas agrarias das que se gaba están a producir o desmantelamento do medio rural en toda Europa, a caída dos prezos ata límites que fan inviábel a actividade agraria, e o peche masivo de explotacións coa triste estatística de 200.000 por ano.

Ademais, tamén se escuda no apoio prestado por Asaja - Xóvenes Agricultores, e na valoración positiva que fixo da reforma acadada o presidente desta organización, Pedro Barato: "aquí ten vostede ao presidente de Asaja, a quen eu vin valorar no programa Agropopular a actuación do Goberno nesta reforma".

Mesmo vai alén, e chega a insultar aos labregos e labregas ao dicir que "eu logro entender que as asociacións agrarias podan ter un concepto equivocado do que está pasando na Unión Europea. Están integradas por labregos que saben moito do agro, pero que non teñen os coñecementos técnicos das regras do xogo comunitario ou da globalización".

Finalmente, e rizando o rizo, o ministro dixo, en palabras textuais que: "Houbo moito traballo e bastante sorte, e a Providencia axudou; porque eu, ademais de ser un político que di a verdade, tamén son crente, e creo na Providencia". Imos bos cun goberno que basea a súa política na "Providencia"; sen comentarios.

Un informe encargado pola Comisión Europea aconsella desmantelar a política agraria

Un informe emitido por un comité de expertos da Comisión Europea, o pasado 17 de xullo, vén de descubrir unha tendencia preocupante no seo da Unión con respecto ao futuro da agricultura.

No documento, que encargou o Presidente da Comisión, Romano Prodi, fálase do desmantelamento da política agraria e rexional da Unión Europea. De feito, o grupo de investigación que redactou o informe partiu da base de que os orzamentos comunitarios son unha "reliquia histórica" debido a que "a metade dos gastos só serven para soste a un sector, o da agricultura, cunha importancia económica en declive".

A fórmula alternativa proposta polos expertos consiste en "descentralizar cara

aos estados membros a función distributiva da PAC", é dicir, que cada Estado se encargue de dar e distribuír as axudas destinadas á agricultura, sempre "sometidas á normas comunitarias".

O equipo defende este tipo de medidas para poder facer fronte á ampliación da Unión Europea, e para paliar a falta de competitividade do vello continente. Aínda que esta postura foi duramente criticada por políticos coma o Comisario de Agricultura, Franz Fischler, o certo é que a reforma da PAC aprobada o mes pasado xa apunta cara a unha renacionalización da política agraria, polo que se pode dicir que o informe descubre unha posición alarmante para a agricultura dentro do goberno europeo.

O CRAEGA vulnera a lei ao carecer dun regulamento aprobado pola Xunta

A situación favorece a toma de decisións arbitrarias por parte do presidente do Consello, Gabino Vázquez

O SLG tivo que realizar, novamente, unha rolda de prensa para denunciar o funcionamento anómalo do Consello Regulador da Produción Ecolóxica de Galiza (GRAEGA). O avogado Xosé

Pérez Rei fixo unha exposición da actual situación insistindo en que, segundo a lexislación vixente, o CRAEGA é neste momento un órgano da Consellería de Política Agroalimentaria e,

polo tanto, unha institución pública. Isto obrígaos a ter que rexerse por normas públicas e a non ser un couto privado do presidente Gabino Vázquez e de catro amigos máis.

Ata a data, e aínda que tivo seis anos para o facer, o CRAEGA non desenvolveu un regulamento propio como lle esixía a lei e como fixeron tódolos demais consellos reguladores de Galiza.

Este regulamento de réxime interno é o que debería rexer o funcionamento do CRAEGA en temas como o pago de taxas, as altas e baixas, os recursos, as sancións, o funcionamento dos plenos, etcétera.

Ao non existir un regulamento aprobado por Política Agroalimentaria, o CRAEGA pode facer o que lle dá a gana; é dicir, que é moi interesante para o Gabino Vázquez e compañía que non exista dito documento, xa que lles permite funcionar ao seu antollo, inventándose cando lles peta algún punto regulamentario. De feito, resulta incríbel a capacidade do presidente



O SLG tivo que volver denunciar publicamente as prácticas irregulares da directiva do CRAEGA

do CRAEGA de invertirse as normas que lle convén.

No plano concreto, a ausencia de regulamento de-

bidamente aprobado é o que fai que non se saiba a ciencia certa cando empeza a transición dunha explotación cara

á agricultura ecolóxica, cando hai que pagar e renovar, e que pode pasar en caso de non pagar.

A ausencia de regulamento é o que fai que a vocal elixida polo Sindicato Labrego, Agatha Broëskamp, que traballa a súa explotación en Tui, sexa chamada con menos de 48 horas de antelación para ter unha xuntanza na sede do CRAEGA en Monforte, a máis de 150 quilómetros; que para consultar o orzamento non reciba comunicación por escrito; ou que lle sexa negado o acceso ás actas de plenos anteriores.

No futuro, seguiremos denunciando este estado de cousas e poñerémolo en coñecemento do conselleiro, Juan Miguel Diz Guedes, que é o responsábel directo da situación. Só o establecemento dunhas relacións normalizadas permitirán ao CRAEGA que funcione para todos e todas e fará pensar na posibilidade dun futuro mellor para a produción ecolóxica deste país.

As segundas xornadas de viña ecolóxica viaxaron ás terras do Bierzo e Valdeorras

Baixo a calor do verán de Ourense, xuntáronse de novo un grupo de trece viticultores e técnicos do sector vinícola para realizar unha xornada de descubrimento e debate sobre a produción de uva ecolóxica.

Comezou o día nos viñedos de Pedro Caramés, en Villafranca del Bierzo, unha explotación coñecida e con moita historia no sector, xa que leva inscrita en produción ecolóxica dende 1995.


Caramés empezou con sete hectáreas, e agora traballa 32, con distintas variedades. Un dos temas no que máis se pararon os visitantes foi o da sanidade das vides. O ano anterior, as parras só tiveron tratamento de xofre, e ningún de cobre. Este ano, fixeron o primeiro tratamen-

to o día anterior á chegada da comitiva do SLG, naméntres nalgúns explotacións as vides xa levan a estas alturas sete tratamentos.

Un dos participantes na xornada, Pablo, explicaba que as pragas e enfermidades non son un problema tan grande. Forzando menos as viñas, cuns rendementos de 5.000 quilos de uva por hectárea, resisten máis.

Por outra banda, as parras son menos sensíbeis ao non ir tan abonadas: o último abono que lle botou Pablo ás súas viñas foi esterco de ovella, vai agora para cinco anos. Mesmo algunha persoa das presentes afirmaba que os propios produtos químicos favorecen o desenvolvemento dos problemas.

Tamén se comentou que os



Os asistentes ás últimas xornadas do ecolóxico aprenderon a como obter viñedos máis resistentes

que menos problemas teñen son o que realizan tratamentos con caldo burdelés.

A xornada continuou cunha visita ás instalacións, onde se falou de temas como a elaboración de distintos viños ou a comercialización, que se caracteriza por un mercado peninsular moi re-

ducido, e unha orientación das vendas cara a fóra.

Pola tarde visitouse a explotación de Manuel Docampo, en A Rúa, empezando pola bodega, en proceso de construción. As viñas desta explotación eran novas e empezaron a producir este ano, polo non se vendeu aínda

da viño de uva ecolóxica.

Os participantes tiveron a oportunidade de adentrarse nun bosque mediterráneo ata chegar a unha das parcelas, francamente illada da produción convencional, e onde o viño convivirá cos soutos nun ecosistema moi achegado ao medio natural.

Axudas e fomento das agrupacións de produtores e produtoras de patacas

No DOG publicouse a Orde do 16 de xullo pola que se establecen as bases reguladoras para o recoñecemento das agrupacións de produtores e produtoras de patacas de consumo, convocándose as axudas para o seu fomento e apoio en Galiza.

Poderanse recoñecer como agrupacións de produtores e produtoras de patacas de consumo, non destinadas á industria feculeira, as cooperativas agrarias de transformación (SAT) e calquera outra entidade con personalidade xurídica propia, que teñan o seu domicilio social en Galiza.

Estas sociedades deberán reunir un mínimo de 25 produtores ou produtoras titulares de explotacións agrícolas e unha produción mínima de 4.000 toneladas, se son patacas temperás; ou 8.000 toneladas, se son do resto das patacas de consumo.

Tamén se admite que sexan un mínimo de 15 produtores e produtoras, sempre que o volume de produción alcance alomenos as 15.000 toneladas para as patacas temperás; ou 20.000 toneladas para o resto de patacas.

Serán subvencionábeis os gastos legais

administrativos, o aluguer de locais axeitados, a adquisición de material de oficina, adquisición de equipos e programas informáticos, custes de persoal administrativo, e os gastos xerais.

As axudas para a constitución e o funcionamento das agrupacións de produtores e produtoras de patacas de consumo terán, entre outras, as seguintes limitacións:

■ O importe das axudas que se concedan para cada un dos cinco anos seguintes á data de recoñecemento das agrupacións será, como máximo, dun 5%, 4%, 3% e 2%, respectivamente, do valor das patacas de consumo e dos seus derivados, excluída a fécula, que comercialice a agrupación de produtores e produtoras solicitante.

■ As solicitudes de axuda presentaranse e concederanse unha vez rematado cada un dos períodos anuais de funcionamento da agrupación.

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o 30 de setembro de 2003. En canto ao recoñecemento das agrupacións, poderá solicitarse todo o ano.

Lémbrese a tódolos afiliados e afiliadas que o horario de atención ao público nas oficinas do SLG en agosto será de 10.00 a 14.00 horas.

Fomento do emprego en empresas de economía social e promoción e divulgación do cooperativismo

Estas axudas están destinadas a cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo en Galiza e estean debidamente inscritas no correspondente rexistro. As subvencións están divididas en cinco apartados: axudas para a adquisición da condición de socio traballador, axuda pola incorporación de socios traballadores ou de traballo, axudas para a contratación de directores ou xerentes, subvención financeira e axuda excepcional.

A axuda para adquirir a condición de socio traballador está dirixida a desem-

pregados e desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servicio Público de Emprego, e a súa contía pode ascender a 3.600 euros. En canto ás axudas para incorporar socios traballadores, poden chegar ata 3.000 euros por persoa.

O prazo de presentación de solicitudes de axudas para a adquisición da condición de socio traballador será de dous meses contados dende a data de alta na Seguridade Social do beneficiario ou beneficiaria.

Para máis información, diríxase a calquera oficina do Sindicato Labrego Galego.

Tramite os seus seguros agrarios a través do Sindicato Labrego Galego

O Sindicato Labrego Galego vai ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de casos positivos de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Deste xeito, o Sindicato Labrego esforzouse para acadar as mellores condicións e vantaxes posibles

para poder mellorar na prestación dos servizos ofertados aos seus afiliados e afiliadas, en particular; e aos labregos e labregas da Galiza, en xeral.

Así, a partir de xaneiro, todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras entidades como se é a primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar

as condicións e vantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Estas vantaxes serán dobres, xa que se van beneficiar, por unha banda, as explotacións; e pola outra, o propio sindicato, xa que disporá de máis medios e coñecementos para facer as propostas pertinentes ante os organismos que controlan todos os asuntos relacionados cos seguros agrarios e coas subvencións que estes reciben.

Indemnizacións por sacrificio obrigado de gando

No DOG do 20 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen as contías das indemnizacións por sacrificio obrigado de gando nos programas de erradicación

de enfermidades animais para o ano 2003. O prazo para a solicitude remata o 20 de novembro. Máis información nos locais do Sindicato Labrego Galego.

Indemnizacións ao sacrificio obrigado de gando pola EEB

No DOG do 26 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen indemnizacións por sacrificio obrigado a causa da encefalopatía

esponxiforme bovina. O prazo de solicitude remata o 20 de novembro de 2003. Pódense informar en calquera local do SLG.

¡Afílitate ao SLG!



Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... **NIF:**

Enderezo:.....

Tlf:..... **Concello:**..... **C.P:**.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... **Conta / Libreta:**.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... **Poboación:**..... **Provincia:**.....

Atentamente (sinatura)

Data

Os últimos cambios aconsellan comprobar se están ben calculados os pagos por nutrices, cebo e sacrificio

Nos vindeiros días van chegar as cartas de aprobación ou denegación das primas de nutrices, cebo e sacrificio. En caso de que haxa erros, haberá un prazo dun mes para poder recorrer.

Debido aos cambios que se produciron nestes pagamentos no ano 2003 (forma de pago, cobro de pagos adicionais novos, penalizacións, etcétera), é preciso que todo o mundo comprobe se os seus pagos están ben calculados.

As persoas afiliadas ao SLG interesadas en facer esta comprobación poden pasar polos locais do sindicato traendo a seguinte documentación:

■ As cartas; é moi importante apuntar a

data na que se lle asinou o certificado de entrega ao carteiro.

■ Solicitude da PAC do ano 2002 "Superficies - Nutrices"

■ Solicitudes tamén do ano 2002 de xatos e sacrificio, e libros da explotación.

É moi importante ter en conta que, aínda que nos paguen por cada vaca máis que no ano 2001, os pagos poden estar igualmente mal calculados, xa que o aumento por dereito, en xeral, é bastante importante. Por exemplo, pode pasarse de prima máxima por nutriz de 306'15 euros (50.939 pesetas) no 2001, a 366'77 euros (61.025 pesetas) por nutriz no 2002, dependendo dos casos.

Programa de promoción do emprego autónomo

No DOG do 23 de maio aparece a orde pola que se establecen as bases para os programas de promoción do emprego autónomo.

As persoas beneficiarias destas axudas terán que ser desempregadas que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadoras autónomas por conta propia, sempre

que cumpran unha serie de condicións.

As axudas poderán ser de tipo financeiro, ata 3.000 euros; ou en forma de rendas para o inicio da actividade, ata 3.600 euros. Tamén haberá axudas de ata 3.000 euros para adquirir a condición de socio. Para máis información, pode achegarse a calquera local do Sindicato Labrego Galego.

Siguen vixentes as primas de vacún e para o sacrificio do ano 2003

A prima especial de vacún poderá solicitarse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. A prima por sacrificio de vacún debe solicitarse nos catro seguintes

meses ao sacrificio, e poderase solicitar en xuño e setembro, rematando o prazo do 1 de decembro de 2003 ao 15 de xaneiro de 2004.

Axudas para a compra de gando bovino de reposición por sacrificio obrigatorio

Para poder ter dereito ás axudas establecidas nesta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre epizootias, programas de erradicación de enfermidades animais e a relativa á vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisíbeis.

En tódolos casos, será necesario ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptíbeis de padecer a enfermidade e que foron diagnosticados positivos.

Tamén se esixirá non ter incumplido con anterioridade a normativa sanitaria vixente

en materia de sanidade animal de xeito que exista resolución en expediente sancionador; e ter efectuado, previamente á reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente.

O prazo para poder realizar a solicitude rematará o vindeiro día 20 de novembro de 2003.

Para máis información, pode acudir a calquera oficina do Sindicato Labrego Galego dentro do horario de verán.

Axudas á xente nova para a mellora e modernización das estruturas agrarias

No DOG do 27 de decembro anunciouse a modificación de bases da convocatoria de axudas para modernización das explotacións agrarias.

No caso das primeiras instalacións de mozos e mozas

motivadas por cese anticipado na actividade agraria, o prazo remata o 30 de novembro de 2003.

Para solicitar información sobre os requisitos para pedir estas axudas, consultar nas oficinas do SLG.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
remolque para transportar rolos.
Medidas: 4'5 x 2'4 m.
Tífono. 650 158 948

Véndese
silo de 5.000 quilos.
Tífono. 982 164 443; chamar ao mediodía ou pola noite.

Véndese
tractor BELAROS de 75 CV. Tracción, cabina acristalada, 600 horas (dous anos). Preguntar por Alfonso ou Xosefa (Cambre).
Tífono. 981 676 408

Véndese
rotoempacadora marca MORRA.
Teléfonos 986 699 560 ou 677 461 844

Véndese
sistema de rego con motobomba de 18 CV. Tubos de 4'.
ensiladora de millo de un rego. Seminova
Tífono. 981 896668; preguntar por Xosé Manuel.

Véndese
sala de muxido de catro puntos disposta en forma de espiña de peixe. Case nova.
Tífono. 981 788 210

Véndese
empacadora seminova, marca GALLINNANI. Dous metros de ancho.
Tífono. 982 150 232. Chamar ao mediodía ou pola noite, e preguntar por Xesús.

Véndese
tractor SAMEN de dúas traccións e 85 CV. Preguntar por Ramón.
Tífono. 981 605 714

Véndese
autocargador-segador de marca JUSCAFRESA, con botella na cabezalla e descarga hidráulica. En bo estado.
Tractor MASSEY FERGUSON 285 con cabina. Tífono. 696 780482; preguntar por Suso.

Véndese
empacadora moderna con encarte. Preguntar por Manuel Ramos.
Tífono. 988 465 564 (polas noites)

Véndese
autocargador marca EUROPA de 22 metros cúbicos.
Cisterna ANVASO de 2.500 litros.
Tífono. 646 336 125.

Véndese
tanque de frío marca ALFA LAVAL de 450 litros.
Muxidora de dúas caldeiras marca GOFRA.
Tífono. 986 572 219

Véndese
carro mesturador con fresa. 8 metros cúbicos. Marca LUCRAR.
Preguntar por Xesús nos teléfonos 981 684 985 e 699 458 019

Véndese
xuvencas próximas ao parto. Raza frisona; boa xenética.
Tífono. 981 788 210.

Véndese
rotoempacadora DEUTZ FHAR GP 2.30. Preguntar por Antonio.
Tífonos. 982 528 123 / 676 128 939

Véndese
viño tinto Mencía do Val de Monterrei (Verín) e uvas para viño. Preguntar por Máximo os tífonos. 651 488 915 ou 988 426 217.

Véndese
cisterna de 1.800 litros, sen documentación.
Tífono. 981 445 956

Véndese
pacas e rolos de herba seca en Vilalba.
Preguntar por Aurora no teléfono 982 158 074.

Véndese
casa antiga, apta para turismo rural, ao carón dun castro e próxima a un pantano.
Tífono. 699 791 435.

Véndese
circuito de muxido de tres puntos, marca ALFA LAVAL. Cinco anos e bo precio.

Tanque de frío de 450 litros, marca FRIGO LAIT.
Tífono. 981 714 410. Preguntar por Francisco.

Véndese
comedero exterior para xatos.
Preguntar por Olga no teléfono 982 179 685



Organizacións de todo o mundo preparan mobilizacións ante o cumio de Cancún

Co berro de ¡Fóra a OMC da agricultura!, ¡Fóra os alimentos da OMC!, ¡Non ás patentes sobre a vida!, a Vía Campesina introduce un manifesto dirixido a reivindicar os dereitos dos labregos e labregas de todo o mundo fronte á tentativa da Organización Mundial do Comercio (OMC) de liberalizar os mercados agrarios internacionais para beneficio das grandes distribuidoras e macroempresas transfronteirizas. O texto reivindicativo, redactado con motivo do cumio ministerial que se celebrará en setembro en Cancún (México), transcríbese a continuación.

Non á OMC

As organizacións labregas, indíxenas, de familias produtoras, de pescadores, de xornaleiros, de emigrantes, de traballadores rurais sen terra, e de mulleres rurais orixinarias de distintos países e continentes consideramos que:

■ A liberalización da agricultura -principal obxectivo da Organización Mundial do Comercio (OMC)- agudizou a crise das sociedades rurais e empeorou as condicións de vida da poboación. Ao redor do mundo a fame, o desemprego, a pobreza, a desigualdade e a degradación dos recursos naturais aumentan no mundo rural.

■ Considerando as necesidades dos pobos e as sociedades rurais, o Acordo Agrícola da OMC non ten lexitimidade.

O Acordo Agrícola serve aos intereses das corporacións transnacionais que son apoiadas polos seus gobernos. A Unión Europea e os Estados Unidos forzaron regras que lles permiten continuar coa práctica do dumping (vender por baixo dos prezos de produción apoiándose en axudas públicas) dos seus exce-



A localidade francesa de Larzac acollerá, entre o 8 e o 10 de agosto, unhas xornadas de protesta contra a OMC

dentes a prezos baixos; pola contra, os países subdesenvolvidos son obrigados a reducir os seus aranceis e a eliminar a protección da súa

agricultura.

■ Unha das prioridades da OMC é reducir os prezos agrícolas -tanto nos mercados internos como nos mer-

cados internacionais-, reducindo os impostos ás importacións e desmantelando o manexo da oferta e a organización de instrumentos comerciais xustos.

Para os labregos e labregas quedan uns prezos artificialmente deprimidos, algo que non favorece á cidadanía pero que si ameaza a supervivencia das comunidades labregas e de pequenos produtores e produtoras.

■ As corporacións transnacionais aumentan o seu control sobre o comercio agrícola mundial, inundan os mercados con produtos agrícolas e alimentos a prezos menores aos seus custos de produción, atentando así contra a soberanía alimentaria.

Tamén se apropián dos recursos biolóxicos e do coñecemento asociado dos produtores e produtoras locais e das comunidades nativas a través dos dereitos de propiedade intelectual e das patentes.

■ Que a OMC busca a liberalización e a privatización dos servizos públicos. Isto terá un efecto moi negativo, especialmente para as persoas pobres e marxinadas nas nosas sociedades.

O SLG organizará unha o 13 de setembro unha manifestación en Compostela

Namentres os ministros se reúnen en Cancún, entre o 9 e o 14 de setembro, millóns de voces ergueranse en todo o mundo para protestar contra as intencións da OMC de liberalizar os mercados agrarios internacionais -coa supresión das defensas estatais que protexen as diversas economías agropecuarias- e de deixar a agricultura en bandexa para as grandes multinacionais.

Na Galiza, será o Sindicato Labrego quen leve a iniciativa de fomentar o debate, organizar actos de protesta, e facilitar información sobre estas políticas que, a pesares de deseñarse tan lonxe, tan negativamente nos afectan.

Namentres duren as negociacións, o SLG terá montada unha carpa na que se celebrarán todo tipo de actos informativos e reivindicativos como mesas redondas, conferencias e debates. En principio, tense a intención de instalala na Alameda de Compostela. O acto central destas xornadas será unha manifestación que terá lugar, tamén na capital galega, o 13 de setembro. Nela, o SLG denunciará as políticas neoliberais aplicadas á agricultura que están provocando o desmantelamento do agro con prácticas como a baixada dos prezos agrarios en beneficio das grandes industrias e transnacionais, que tanto afectan a Galiza.

De feito, a reforma da Política Agraria Común que se vén de aprobar, e que segue apostando por prácticas como a devandita baixada de prezos, non é máis que o resultado de tentar adaptar a nosa política agraria ás esixencias da OMC antes de setembro.

¡Globalicemos a loita! ¡Globalicemos a esperanza!

A agricultura é un dos temas máis explosivos da axenda da quinta Reunión Ministerial da OMC, que se celebrará entre o 9 e o 14 de setembro de 2003 na localidade de Quintana de Roo (Cancún, México). A agricultura converteuse en moeda de cambio para o avance da OMC nos novos temas. As negociacións na agricultura poden definir os resultados da Rolda de Cancún.

Dados os riscos vinculados ao avance das próximas negociacións, facemos un chamamento urxente ás organizacións labregas, indíxenas, de pescadores, de xornaleiros agrícolas, de emigrantes, de traballadores sen terra, e a tódalas or-

ganizacións da sociedade civil a mobilizarse para:

■ Impedir o avance das negociacións da OMC e o inicio de negociacións en novos temas.

■ Defender os dereitos dos labregos e labregas, e a soberanía alimentaria.

■ Sacar á OMC da agricultura.

■ Deter as políticas de privatización dos servizos públicos.

■ Abolir as patentes sobre a vida.

Facemos un chamamento a tódalas organizacións e movementos sociais a sumarse a esta convocatoria, difundila e a acompañarnos nas accións do Foro Internacional que se realizará en Cancún, Quintana de Roo, México, entre o 8

e o 11 de setembro de 2003.

Chamamos a tódalas organizacións e movementos sociais a levar a cabo accións desde calquera sitio para apoiar os obxectivos arriba apuntados, e a sumarse ás marchas e demostracións internacionais que se realizarán paralelamente en Cancún e no meirande dos países, e en concreto, á Marcha Internacional polos Dereitos dos Labregos e Labregas e a Soberanía Alimentaria, que se celebrará o 10 de setembro; e á Marcha Internacional e Día de Acción Global contra a OMC, o 13 de setembro.

¡Globalicemos a loita!

¡Globalicemos a esperanza!